

INFORME DE SECRETARÍA

EXpte XESTIONA: 543/2018

ASUNTO: APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CAMBADOS PARA O EXERCICIO 2018.

Mediante Providencia de Alcadía de data 23 de abril de 2018, solicitouse informe desta Secretaría en relación co procedemento e lexislación aplicable do expediente para a aprobación do Orzamento Municipal 2018 regulado no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia con o artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990.

En cumprimento do establecido no 3.3 g) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

NORMATIVA APPLICABLE

- *Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para 2016 (LOXE)*
- *RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o rexime xurídico dos funcionarios da Administración local con Habilitacion de carácter naional*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)*
- *Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF)*
- *Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.*
- *Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP)*
- *Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- *Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)*
- *Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RP)*
- *Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local*
- *Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais*



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TÉL: 986520902/0943/0951 - FAX: 986524866 - N° REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



- *Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo*
- *Orde HAP/1783/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local*

ANTECEDENTES

Con data 23/04/2018 dáse traslado a esta secretaría do expediente relativo ao proxecto do orzamento municipal para o exercicio 2018.

No expediente administrativo obra a seguinte documentación:

- Estado de ingresos e gastos.
- Bases de execución.
- Estado de previsión e situación da débeda.
- Memoria da Alcaldía.
- Estados da Liquidación do Orzamento do exercicio 2016.
- Avance da liquidación do exercicio 2017.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local.
- Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma galega en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.
- Cadastro de persoal.
- Providencia da Alcaldía, de 23 de abril de 2.018.
- Informe de avaliação de cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda., de 23 de abril de 2.018.
- Informe de intervención, de data 23 de abril de 2.018.
- Convocatoria e notificación da Mesa Xeral de Negociación

CONSIDERACIONES XURIDICAS

PRIMEIRA.- ALCANCE E CONTIDO DO PRESENTE INFORME.

Emítense este informe con carácter preceptivo e non vinculante, en cumprimento do disposto no art. 3.3 g) do RD 128/2018, de 16 de marzo polo que se aproba o regulamento do réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional. Consonte ao citado precepto, a función de asesoramiento legal preceptivo, comprende, entre outras, ***"Asistir al Presidente de la Corporación, junto con el Interventor, para la formación del presupuesto, a efectos procedimentales y formales, no materiales.***

En consecuencia, o presente informe refírese aos aspectos formais e procedimentais do



SPAIN

CAMBADOS

2017

Cidade Europea do Vino

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TÉLÉFONO: 986520902/0943/0951 - FAX: 986524866 - N.º REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



expediente sen entrar a valorar o contido material da documentación que o integra, por tratarse de funcións propias da intervención municipal. Os aspectos materiais do proxecto de orzamento son obxecto de análise nos informes de intervención que figuran incorporados ao presente expediente.

SEGUNDA.- O ORZAMENTO XERAL DAS LOCAIS. CONCEPTO E CONTIDO. DOCUMENTACION QUE DEBE ACOMPAÑAR AO ORZAMENTO.

O TRLFL no seu artigo 162 define o orzamento das entidades locais como “*la expresión cifrada, conjunta y sistemática de las obligaciones que, como máximo, pueden reconocer la entidad, y sus organismos autónomos, y de los derechos que prevean liquidar durante el correspondiente ejercicio, así como de las previsiones de ingresos y gastos de las sociedades mercantiles cuyo capital social pertenezca íntegramente a la entidad local correspondiente.*”

Pola súa banda, o artículo 164 do referido corpo legal dispón que o contido do orzamento xeral está integrado por:

- “a) *El presupuesto de la propia entidad.*
- “b) *Los de los organismos autónomos dependientes de esta.*
- “c) *Los estados de previsión de gastos e ingresos de las sociedades mercantiles cuyo capital social pertenezca íntegramente a la entidad local.”*

En canto á documentación que deberá incorporarse ao expediente antes da súa aprobación inicial, o art. 168 do TRLFL dispón:

“*El presupuesto de la Entidad Local será formado por su Presidente y a él habrá de unirse la siguiente documentación:*

- a) *Memoria explicativa de su contenido y de las principales modificaciones que presente en relación con el vigente.*
-
- b) *Liquidación del presupuesto del ejercicio anterior y avance de la del corriente, referida, al menos, a seis meses del ejercicio corriente.*
- c) *Anexo de personal de la Entidad Local.*
- d) *Anexo de las inversiones a realizar en el ejercicio.*
- e) *Anexo de beneficios fiscales en tributos locales contenido información detallada de los beneficios fiscales y su incidencia en los ingresos de cada Entidad Local.*
- f) *Anexo con información relativa a los convenios suscritos con las Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación de la cuantía de las obligaciones de pago y de los derechos económicos que se deben*

reconocer en el ejercicio al que se refiere el presupuesto general y de las obligaciones pendientes de pago y derechos económicos pendientes de cobro, reconocidos en ejercicios anteriores, así como de la aplicación o partida presupuestaria en la que se recogen, y la referencia a que dichos convenios incluyen la cláusula de retención de recursos del sistema de financiación a la que se refiere el [artículo 57 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local](#).

- g) Un informe económico-financiero, en el que se expongan las bases utilizadas para la evaluación de los ingresos y de las operaciones de crédito previstas, la suficiencia de los créditos para atender el cumplimiento de las obligaciones exigibles y los gastos de funcionamiento de los servicios y, en consecuencia, la efectiva nivelación del presupuesto.(....)

4. Sobre la base de los presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados anteriores, el presidente de la entidad formará el presupuesto general y lo remitirá, informado por la Intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el apartado 1 del artículo 166 y en el presente artículo, al Pleno de la corporación antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución.”

Entrando na análise da documentación que obra no expediente 543/2018, o proxecto do Orzamento para 2018 , tal e como se indica no informe de intervención, está composto da seguinte documentación:

Estado de ingresos e gastos.
Bases de ejecución.
Estado de previsión e situación da débeda.
Memoria da Alcaldía.
Estados da Liquidación do Orzamento do exercicio 2016.
Avance da liquidación do exercicio 2017.
Anexo de persoal.
Anexo de investimentos.
Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local.
Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma galega en materia de gasto social.
Informe económico-financeiro.
Cadro de persoal.
Informe de Intervención de data 23/04/2018
Informe de avaliación de cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, de data 23/04/2018

Consonte ao indicado no informe de intervención de data 23/04/2018: “**Ao proxecto de Orzamento para 2018 incorpórarse polo tanto a documentación legalmente exible conforme aos artigos 166 e 168 do TRLFL, e o artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria,**



na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

En canto á inclusión no expediente do Cadro de persoal 2018 (*Plantilla), de acordo co disposto no artigo 90.1 da LRBRL e no artigo 126 do TRRL, este debe ser aprobado anualmente pola Corporación con ocasión da aprobación do Orzamento.”

CUARTO.- ORGANO COMPETENTE

Consonte ao disposto no art.169 do TRLFL o pleno da corporación é o órgano competente para aprobar o orzamento, por maioría simple.

QUINTO.- PROCEDIMENTO

O procedemento de aprobación do orzamento prevese no art. 169 do TRLFL nos seguintes termos:

- a) Aprobación inicial polo pleno da corporación (previo ditame da Comisión Informativa de Facenda)
- b) Trámite de exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os casi os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o pleno. Asemade, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do concello.
- c) O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se formulasen reclamacións, en caso contrario, o pleno disporá dun mes para resolvelas.
- d) A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación deberá realizarse antes do día 31 de deciembre do año anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.
- e) O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da corporación, se o tivera, e resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, en su caso, da comarca autónoma uniprovincial.
- f) Do orzamento xeral aprobado definitivamente aprobado deberá remitirse copia á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma. No caso da Administración Xeral do Estado, a remisión deberá efectuarse por vía telemática ao Ministerio de Facenda a través da Oficina virtual de Coordinación Financiera coas Entidades Locais mediante sinatura dixital.

Tal e como indicábamos, xuntamente co orzamento, deberá aprobarse o cadro de persoal.



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TÉLÉFONO: 986520902/0943/0951 - FAX: 986524866 - N.º REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E





Reitérase o carácter limitado do presente informe e que o mesmo se emite aos efectos puramente formais e procedimentais , nos termos establecidos no art. 3.3 g) do RD 128/2018.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



EUROPEAN
WINE
CITY'17

CAMBADOS (SPAIN)

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 366 30 - CAMBADOS - TÉL: 986520902/0943/0951 - FAX: 986524866 - N° REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

